

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Pablo García García e M<sup>a</sup> de los Ángeles Ferreiro Vidarte**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento dos Socialistas de Galicia, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Nos pasados días os axentes da Unidade Central Operativa (UCO) da Garda Civil rexistraron a antiga reitoral de Chaguazoso, no municipio ourensán de A Mezquita, no marco nunha operación na que se detiña ao señor Conde por, supostamente, levar meses repatriando desde Suíza e outros países o diñeiro do que se apropiou a finais dos anos 80 e comezos dos 90.

Este pazo foi rehabilitado no ano 2000 por Gabriel Caldelas, exalcalde popular da Mezquita. A remodelación fíxose coa achega de fondos comunitarios, concretamente do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural, xestionado pola Xunta de Galicia e o Concello da Mezquita, e que vinculaba as axudas ao destino do inmovible ao turismo rural co obxectivo de fomentar o emprego e fixar poboación.

No verán de 2009, o señor Mario Conde incorporou ao seu patrimonio inmobiliario este pazo radicado na aldea de Chaguazoso, no municipio ourensán da Mezquita, provisto de sete habitacións, tres comedores, catro hectáreas de extensión señorial, piscina, cabalos e espazos para a práctica da caza e a pesca. O pazo seguiu anunciándose na páxina de Turgalicia, dependente da Xunta, pero as reservas foron entón imposibles: ninguén atendía os teléfonos que aparecían na web, onde quedaron en branco os epígrafes relativos ao prezo e dispoñibilidade de habitacións.

En 2014, un pouco antes de que expirase o prazo de 15 anos esixido por Bruxelas para destinar o inmovible ao turismo rural, a Xunta de Galicia retirou a oferta deste pazo da súa páxina web.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

**Grupo Parlamentario**

1.ª) Considera a Xunta de Galicia que as axudas destinadas á rehabilitación da antiga reitoral de Chaguazoso cumpriron co obxectivo para o que foron destinados, é dicir o de fomentar o emprego e fixar poboación?

2.ª) Realizáronse neste prazo, segundo o Goberno galego, as actividades de turismo rural para as que se dedicaron fondos comunitarios?

3.ª) No caso de que funcionase como casa de turismo rural, cuántas pernotacións lle constan a Xunta de Galicia que rexistrou durante os quince anos esixidos polos fondos europeos para destinar este inmovible a este uso?

4.ª) Detectou a Xunta de Galicia algún tipo de irregularidade na utilización dos fondos europeos para a rehabilitación da antiga reitoral de Chaguazoso?

5.ª) No caso de ser coñecedores destas irregularidades, comunicounas o Goberno galego ás entidades europeas encargadas de loitar contra o fraude e a corrupción?

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Pablo García García  
Mª de los Ángeles Ferreiro Vidarte  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodriguez na data 12/04/2016 17:49:02**

**Pablo García García na data 12/04/2016 17:49:10**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 12/04/2016 17:49:17**